

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

5663 *Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece nos seus artigos 91 ao 99 as funcións do profesorado das distintas ensinanzas que se regulan nela. Así mesmo, a citada lei, na súa disposición adicional sexta, establece que, ademais das recollidas na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, son bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos docentes as reguladas pola propia lei orgánica e a normativa que se desenvolva para o ingreso e a mobilidade entre os corpos docentes, e encoméndalle ao Goberno o seu desenvolvemento regulamentario naqueles aspectos básicos que sexan necesarios para garantir o marco común básico da función pública docente. Na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, especifícanse, pola súa vez, as funcións dos diferentes corpos en que se ordena a función pública docente.

O Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, establece os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aspectos que deberán formar parte do currículo que as distintas administracións educativas definan para estas ensinanzas.

Establecidas nas normas citadas as necesidades docentes no que respecta ás ensinanzas correspondentes, procede iniciar o desenvolvemento do previsto na citada disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coas especialidades dos corpos docentes que teñen atribuídas nos centros docentes públicos as ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Así pois, en virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, e co fin de garantir un ensino común de calidade impartido polo profesorado máis idóneo, cómpre establecer as especialidades docentes dos corpos de funcionarios que teñen ao seu cargo as ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación e emitiu informe o Ministerio de Política Territorial. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Especialidades docentes.*

As especialidades docentes para o ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas son as que se relacionan no anexo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a e 30.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios, e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

ANEXO

Especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas

Alemán.
Árabe.
Chinés.
Danés.
Español lingua estranxeira.
Finés.
Francés.
Grego.
Inglés.
Irlandés.
Italiano.
Neerlandés.
Portugués.
Romanés.
Ruso.
Sueco.
Xaponés.
Linguas cooficiais das comunidades autónomas*.

* Cada unha das linguas que sexa cooficial na respectiva comunidade autónoma.